

# A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN  
Na Cruña 6 mes, 40 cts. | Fora trimestre, 1'50 ptas.  
Coste d'un número, 15 | América id... 2  
PAGO ADIANTADO

NUMERO 115  
A CRUÑA 20 DE MARZO DE 1920

Redacción e Administración:  
PLAZA DE MARIA FITA, 17, BAIXO  
(Irmandade da Fala)

Cursillo de conferencias nazonalistas

:—: na Esposición de Castela :—:

## A notable disertación de Vicente Risco

### Arte nova

#### PRELUDIO

Me non considero com'un estraño, com'un descoñecido diante de vós. Por escrito xa vai algun tempo que me veño comunicando convosco, sinón tan amiúdo com'eu quixera.—pelo menos dándevos o millor dos meus traballos e pensando en vós cand'escribo outros ó millor fadados pra dormiñar moitos anos antes de se poderen imprimir...

Eu sempre coidei atopar na Cruña un público qu'acollese con agarimo o mau pensar. A Cruña afirmase cada día mais na sua capitalidade; vai adquirindo o primado de Galicia en toda's ordes e cada día que pasa vai acentuando o pulo ascensional qu'a ha levar a sê-la Barcelona d'Occidente, a Barcelona atlántica e ultramoderna.

Eu sostiven sempre en todol-os lados, o galeguismo da Cruña. Anda por ehi adiante unha ideia, millor dito, un lugar común que compre desfaguer. Eu son un nemigo enrabechado dos lugares comú. Ese lugar común di que, as provincias verdadeiramente galegas, onde se sente fundamento o galeguismo, por estaren as xentes mais apegadas ós costumes vellos, é en Lugo e mais en Ourense. Eso pensa moita xente.

Pro en digovós que non hai tal. Coñeço Lugo e en Ourense levo vivido tantos anos coma ten pasado dende que nacín até hoxe—que non teño pra que dicir cantos son; a min parécenme moitos. Pois ben, eu non digo qu'os lugueses i-os ourensanes non sexan

amantes da Terra, pro asegúrovos que é a d'eles unha maneira de sentil-o galeguismo deferente da vosa, e d'aquela menos eficaz do que a vosa. Espriqueime: Elí síntese mais un galeguismo qu'eu din en chamar «galeguismo de rexouba e de trangallada», e que pon no mesmo plano, e dalle igual importancia á poesía do «alalá» i-ó sabor do lácón con grelos e mais ó do viño do Ribeiro. Filosoficamente podíamolo calificar de «galeguismo sensualista», i-até teria unha espricación étnica na provincia d'Ourense por atoparse aló a raza céltica mais misturada co primitivo «substratum» liguro atlante, e mais co elemento ibérico posterior.

En troques, eiqui predomina o galeguismo conscente, entendido á europea, galeguismo que nasce tamén no corazón, que se leva no sangue, mais qu'está xa no período de se trocar en idea, en doutrina definida i-axeitada pra un desenvolvemento pragmático.

Pois este é o galeguismo interesante: o galeguismo costrutivo a diferenza do simplemente conservador. Un galeguismo que quere integrar a Galicia con todol-os seus valores de seu, co seu pensamento galego, coa sua arte galega, coa sua produción material galega, na civilización dos pobos mais adiantados. Tamén este galeguismo se sinte aló:

Loitar pol-o noso adiante  
Con entusiasmo e coa fé  
e un dos seis mandamentos do «Tio Marcos da Portela».

E o galeguismo das Irmandades da Fala. Sómentos qu'antremedias da fanxe das «Irmandades», hai algú qu'ollamos ainda mais adiante... Hainos que, vendo como a civilización mediterránea se desfai—a civilización que ti vo seu berce na Grecia e qu'inundou a Europa inteira, e que hoxe esgotada, apodrecida, agoniza antremedio de convulsións que as xentes pensan que veñen d'outras causas menos fondas, pra non faguel-a confesión do fracaso d'un xeito de cultura... Pro, os que temol-o convencemento de que o centro da civilización desiotouse do Mediterráneo pr'ó Atlántico, de que os valores chamados clásicos se desfán, do que os pobos célticos van entrar de novo na escea da historia—queremos situar a Galicia como entidade criadora no alboraxar da nova civilización atlántica.

Fai pouco, n'un rauto lírico d'ises que un ten cando leva no sangue e na i-alma un imenso amor á Terra, sinalaba eu á Cruña i-á Vigo coma puntos de tensión máxima da vida. I-agardo que se nono fai o noso esforzo, farane as necesidades do comercio universal... I-entón será o noso atruxo de vitoria...

#### A CRITICA

Pro eu eñen eiqui pra falar de arte. Imos logo falar de arte.

Falar de arte, o que se di falar de arte é sempre d'un xeito ou doutro faguer crítica de arte. Agora, que hai moitos xeitos de faguer crítica d'o arte. O xeito mais corren-

te é pra dicir s'unha obra está ben ou mal maxinada, millor ou pior feita. Esta crítica pousa n'un xuício de valore faise comparando a obra s'un ideal estético. Mais agora como hai unha chea d'ideales estéticos, esta clás de crítica xa non satisfai senón ós correlixionarios do crítico. Pr'ós d'outras escolas non ten valor ningún. Mais ben ten efecto contrario...

No tempo da primeira guerra literaria qu'eu acordo, os verdadeiros modernistas, tiñamos a Gómez de Baquero naturalmente por un crítico burgués e filisteo. Abonda qu'él dixese qu'unha cousa era boa, pra que a nós nos parecera ruín. Lémbrame ben qu'unha vez falaba d'unha novela clásica xaponesa: «Os corenta e sete Ronins» de Tamenaga Shunsuy, e dicía que era unha cousa enfadosa e soporífera, unha lata. Eu, eraro, leña. E me non pesou. Era unha das cousas mais cheas d'interés, de ledo encanto sinxelo que teño lido na miña vida. E mais pode qu'algús de vós non vos gustara coma lle non gustou a Gómez de Baquero. Depende do costume e mais do criterio estético que un teña. Por eso, esta clás de crítica está xa descartada.

Nos tempos a que m'eu refería fai un instante, estaba de moda a crítica «impresionista». O crítico espúñanos a súa impresión da obra, quérese dicir, as súas reacións sentimentales e ideolóxicas fronte a ela... Era unha cousa moi interesante coma documento prá psicoloxía do crítico. E logo non é interesante saber o que sentía i-o que pensaba Baudelaire ou Mallarmé lendo a Edgar Poe, ou Víctor Hugo lendo a Shakespeare? Afellas... O crítico falaba de si mesmo a propósito da obra, mais hai quen pensa que non fala un nunca sinón de si mesmo. Anatole France di que o obxetivismo é imposible, que sempre o home fala de si, e nada mais que de si, anque diga que vai falar d'outra cousa por faguer erer ós mais en que é moi homildíño...

Esta crítica impresionista era a que quería facer Gómez Carrillo, si ben, en rigore, nunca pasou da crítica «informativa» que é outro xeito de crítica. Os libros de Gómez Carrillo son a este senso do millor que hai. Teñen unha chea de referencias, de contos, d'argumentos de obras, de detalles biográficos que lles dan unha utilidade preciosa pra historia do movemento literario francés nos comenzos do século XX e fis do XIX. Teñen «datos» i-esto é o bó que teñen: é coma un Baedeker da literatura francesa...

Hai un xeito mais fondo de crítica que podemos chamar crítica «espricativa» ou exegética, que trata de desentrañar até o último o senso ideoló-

xico i-estético da obra d'arte. Ten a crítica así feita moitas derivacións, porque axiña ven a cuestión da xénese da obra, quérese reconstruir o proceso espiritual que levou ó autor a maxinala, e ven o estudio da vida do autore, como fai Saint-Beuve, e mais o da influencia do meio natural e social en que viviu, i-orixínase a teoría de Hipólito Taine ou a de Guyau...

Mais, fágase cun criterio idealista ou c'un criterio positivista, este xeito de faguer crítica é o único centífico, i-o único fin que se debe propoñer a crítica é abrir as portas e deitar luz na obra d'arte, facilitar á xente a comprensión da mesma.

### O MEU PROPOSITO

Esto é o que eu quixera facer coa obra de Castelao, con toda a súa obra ou sexa con toda a súa arte. Dado que Castelao é un dos poucos que teñen arte sua. Crar'está qu'esta non é angueira qu'eu teña feita, nin é tampouco angueira pra un día. Teño documentos pra faguer algo i-algo hei ir facendo c'o tempo. Mais hoxe pouquiño é o que vos podó amosstrar...

Hoxe quixera sómentes «situar» a arte de Castelao n'un cuadro xeneral da arte moderna. Pra esto, tería que faguer un pouco de crítica «informativa» sóbor da arte moderna, i-outro pouco de crítica «exegética» sóbor da obra de Castelao, da súa intención, do que él se propón ó desinal-os monicreques admirables que n'este instante tendes diante dos ollos. Non. E da maneira d'espoñela, da realización nada mais, o cal ten dous aspectos: o seu humorismo e mais a súa técnica.

### ESPRESION E CREACION

Imos tomala cousa un pouco atrás, mais non tanto que cheguemos ós primeiros principios. Ficaremos mais perto. Vele-iquí:

A arte, ou espresa o que o artista leva dentro do seu espírito, ou simplemente crea fora d'il oxetos, cousas novas, co as que ven enriquecel-o mundo añedindo algo ó traballo creador da Natureza... Hai, pois, unha arte de «espresión» y-outra de «creación». O distinguil-as é fundamental.

Pro, entendámonos ben: a arte crea sempre, ainda cando se non propón senón espresar, ainda entón crea, crea a espresión. Mais hai veces en qu'a fantasía, a maxinación creadora parés que traballa ela soia, i-entón é cando se da a arte de «creación pura». Espricareime c'un eixemplo: chamo arte d'espresión a «La Chanson d'Automne» de Paul Verlaine; chamo arte de creación a «Máquina d'exploral-o tempo» d'Horacio Wells; é arte d'espresión un «nocturno» de Chopín; é arte de creación

os «murmurios da selva» de Wagner.

Teñamos en conta qu'esta división é común a todas as artes, o mesmo ás artes plásticas que á música i-á literatura.

Agora temos outra distinción: a arte de creación pode ser imitativa, ou realista, e pode ser inventada e fantasmagórica. E arte d'imitación ou é arte d'invencción.

O realismo artístico xa fai tempo que caiu no mais fondo esquecemento. Hoxe sábese ben que a arte non copia, nunca copiou a natureza. Primeirairamente porque a natureza se non pode copiar; segundamente por que non teño nos importa na natureza e soio un quere copiar o que l'importa.

Da natureza, o artista saca esquemas, esquematiza as cousas, i-esta esquematización é a que lle da ás cousas o seu «ser estético» qu'antes non tiñan. As cousas «volven a seren creadas» de novo polo artista. O artista sacaas do mundo real pra levalas ó mundo estético; vaines carretando do mundo da natureza pro mundo da arte. A súa misión é trasfigural-a Natureza.

Mais a arte d'invencción se non conforma co eso; quere darlla vida a seres novos, que non estaban no plan do Demiurgo; quere fabricar cousas inéditas, imprevistas, insospitadas. Pra il, a somana do Xénese fica aberta aínda...

E dígoos de certo qu'a arte en tanto creación fai ó home colaborador de Deus, porque, como dí Mallarmé, a arte debe creal-o mundo de novo.

Non é istraño que nos nosos días leve camiño de se converter cada día mais en creación pura...

Veñamos ó conto, e falemos sómentes da plástica.

### CEZANNE PRECURSOR

Imos vel-as mais novas tendencias. Quen abriu o camiño pra todas as novas invencións foi a Paul Cezanne; todo o que hai de novo en arte, ven de Cezanne. Cezanne, pertencía a un facto de pintoras que deron en chamar «post-impresionistas». Eles eran Paul Gauguín que s'inspiraba na arte dos salvaxes e dos homes primitivos i-até nos dibuxos que fan os rapaces nas paredes—Maurice Denis que fai grandes composicións ó xeito clásico—O paisaxista flamengo Van Gogh que lle muda as coores ás cousas que pinta pra conseguir efectos novos— e sobre todo, o gran pre-cubista Matisse do que, os cadros, pr'ó que non teña costume fan tir, mais eu dígoos que é o pintore das grandes adaviñacións, i-asegurovos que o que queira comprendel-o cubismo ten primeiro que pasar pola pintura de Matisse. Cuasementes, foi unha natureza morta de Matisse a que a min

abriú os ollos pra comprender a Picasso i-a Metzinger.

Cezanne resumía toda a súa arte nunha verba: «realizar». Crear unha nova realidade, percibir a realidade atrás das aparencias sensoriais, descompoñer a realidade visíbel pra recompoñela artisticamente, deixala natureza reducida ó significativo... unha chea de conceptos que poden parecer diverxentes, mais que non deixan de seren convertibles.

A cousa é ben sinxela: se queredes regalar un bouquet, de froles, non ides ó xardín farraplades c'unha pola d'unha roseira, senón que colledes unha froi d'eiquí, outra d'acólá, outra de mais adiante, e con mais ou menos arte, compoñedel-o ramo. O ramo se non imita a un pé de clavés, nin de ningunha outra froi: é unha cousa nova, que non había no xardín e por eso é unha obra d'arte...

### O CUBISMO

Seguindo estes principios, Pablo Picasso, despois da etapa da «arte negra» e coma desenvolvemento d'ela, creou o «cubismo». Trátase aínda de descompoñer a realidade nos seus elementos esenciais, e recompoñela seguindo unha norma arbitraria, inventada. Estes elementos son pra Picasso e mais prós cubistas ortodoxos—Xan Gris, Braque, Metzinger—, elementos de forma... Ond'os outros pintores pintan d'unha cousa calquera, o que teñen diante dos ollos, o pintor cubista pinta o que se ve e mais o que non se ve. Non dará somentes as superficies, a parte d'afora das cousas, sinón que quererá dal-o volume.

Aos alumnos d'unha academia de Belas Artes, póñanlle un modelo n'un taboado, á vista de todos, i-o que ve o modelo por fronte, pintao posto de fronte, i-o que o colle pol-o lado dereito do modelo, i-o que está pol-a esquerda pinta o lado esquerdo, que é o qu'está ollando. O cubista non fai así. O cubista da voltas o redor do modelo, pra velo por todos lados, considera todos os planos, fai un análise, reduce cada elemento ó esencial, e logo fao unha composición.

Pensa o cubista que o problema de representar un volume n'unha superficie non está resolto coa perspectiva tradicional. Dixérase que busca unha perspectiva pr'as novas dimensións que se sospeitan no espacio... Non pensemos que é unha toleria... Non vexo por que as novas xeometrías de Lovatchewsky e de Rieman non habían de lle dar coraxe ás arelas da arte nova. A teoría do hiperespacio estase xa apilicando á mecánica celeste. Os teoremas da xeometría, demostranse hoxe pra un espacia de «n» dimensións... Pois ben, un

amigo meu tratou moi seriamente n'unha conferencia presentando o problema de si ós pintores cubistas—cecais por unha hipersensibilidade que principia a se facer notar nos homes do século XX—ven efectivamente a coarta dimensión dos oxetos. Na solución terían que colaborar a xeometría moderna e mais a psicología supernormal.

Mais eiquí non é esto o que nos interesa, porque sábese da intención artística do cubismo, que é, de certo xeito, a creación pura. Unha das suas derivacións literarias, que ten por iniciador ó poeta chileno Vicente Huidobro, chámasse «creacionismo».

Tamén no cubismo hai algo d'espresión. Mais, en rigore, non é espresión de nada que o pintor leve dentro, sinón que todo está sacado da realidade, todo se sae da cousa exterior que se pinta. O cubista métese na cousa e sácalle a espresión interna que ten; se non conforma co que a cousa lle dí ó ollo que vé, d'un xeito simples, sinón que pon o entendimento inteiro no ollo a vel-a cousa.

A ver si vos podó decir que xeito d'espresión é a que o cubismo busca nas cousas:

### TRES GRADOS DE CONTEMPRACION

Vamos adispacio. Podemos nós considerar na contemplación d'unha cousa exterior a nós, tres grados, que podemos chamar mais o menos propiamente, mais d'abondo pra que nos entendamos: contemplación «realista», contemplación «estética» e contemplación «intelectiva».

A primeira, a contemplación realista busca a realidade da cousa, a súa entidade sustancial, o seu ser. Esta primeira clás ou xeito de contemplación, pódese deter, pódese conformar coa realidade aparential da cousa, coa realidade inmediatamente apreciábel pol-os sentidos, en especial, pol-o senso da vista, pol-os ollos. Entón temos o que a xente chama comunmente «pintura realista». O que mais outo chegou n'ela xa sabemos que foi Velázquez, e de camiño, prégo vos que vos lembredes de que Velázquez tiña sangue galego, levaba un apelido galego, Silva, e viviu algún tempo en Galicia.

Pro, a contemplación realista pódese non conformar coa realidade aparential, e odo andar a ver s'atopa a realidade fonda, interna, coma si dixéramos estrutural, ou tamén arquitectural da cousa contemplada; i-eiquí temol-o cubismo... Pro, non adiantemos.

A segunda clás, ou xeito de contemplación, a contemplación qu'eu chamei «estética strictu senso»—porque as outras dúas tamén poden ser estéticas—busca somentes ó aspecto en beleza

sensíbel das cousas, o aspecto decorativo, prescindindo n'elas de todo o que non lle dá ledicia ós ollos. O pintor decorativo—que non é igual que decorador—escolle os modelos mais lindos, i-ó pintalos ponos mais fermosos aínda; compón as esceas, docifica as cores, e mail-as luces... Un eixemplo bó d'este xeito é Watteau. Lembrádevos por un instante do «Embarque pra Citeres».

Ben, pois eiquí tendes unha cousa que lles ten sin coidado ós cubistas.

A terceira clás é a contemplación «intelectiva» que s'interesa menos por comprender o qu'as cousas son en sí, que do qu'elas significan pra nós, do que nós podemos adeprender contemplándolas. Pr'ós que d'iste xeito ollan o mundo cada cousa é un símbolo, cada cousa val pol-o que suxire, pol-as ideas e sentimentos qu' fai nacer no espírito, pola sinificación, allea a ela mesma, que ten pra nós. Tal é a orixe psicolóxica de toda arte simbolista. A historia da pintura está chea de cabe a rabo pol-o simbolismo. Toda a arte foi simbolista cuaseque sempre; mais pra buscal-o eixemplo perto de nós, poreivos a Gustavo Moreau... Todos tendes ouvido falar da «Salomé», do «Orfeo», de «Xasón e Medea».

Pois esta tampouco é a maneira de contemplar dos cubistas; mais no meu sentir, esta é a do Castelaio.

### REALISMO CUBISTA

Fica dito que o cubista é fundamentalmente realista. Busca a entidade sustancial das cousas mais adentro da súa aparencia sensíbel, na súa estrutura, na súa costrución interna: busca, coma se dixéramos a lei de costrución da cousa. Pra eso ten que desmontala peza por peza como faría un reloxeiro a quen lle dérades a moestra a compor... Ten que descompoñer toda a arquitectura da 'cousa e ten qu'amos-trala patente.

E-eiquí saílle un problema, o problema eterno da pintura: o da representación n'un plano, oxetos de tres—ou se cadra de mais dimensións—. Este problema é de xeometría descritiva. Pr'ós que se conforman coa realidade aparential das cousas, este problema está resolto dende que na pintura s'emprega a perspectiva, ou sexa, en termos xeneraes, dend'o Renacemento. Mais a perspectiva tradicional, a perspectiva de Leonardo de Vinci nonos dá a lei de costrución das cousas; nonos dá mais que superficies, e pra eso, superficies incompretas. Coas figuras que pintan os pintores tradicionais, pasa coma coa lua: nunca lle vemos a parte d'atrás... Pra dal-o volume tal e coma il é, terían que principiar por estudar todas as proiecções posibles da

modelo sóbor d'un plano... O volume é mais que unha superficie pechada: é resistencia, é estrutura, é equilibrio, é masa. Falo do volume real, do corpo; non do volume abstracto dos xeómetras...

Din que xa Alberto Durero, nos seus apuntes i-esquises estudiaba o corpo humano resolvéndoo en poliedros. N'esto foi en certo modo un precursor do cubismo. Mais conven adevirtir eiquí —por que hai moita xente qu'anda trabucada n'esto—que o cubismo non se chama por iste nome por que costruya as cousas con exaedros regulares ou cubos; non: cubismo ven da verba «cubitar» que é como chaman os enxeñeiros á operación de varoral os volumes. Non se quere decir co-esto que a maneira que ten de tratá-lo volume sexa todo o cubismo: fica dito que o cubismo é moito mais.

Resumamos antes de pasar adiante: o cubismo propónse descompoñer a realidade sensíbel nos seus elementos esenciaes, tomando d'eles soio o significativo, pra recompoñerla artisticamente según a súa propia lei de costrución.

Arte realista busca a realidade fonda das cousas; arte creadora, procede a un tempo por imitación e por invención; arte xeométrica non fai caso do decorativo nin do simbolismo; i-en fin, arte das formas e dos volumes, n'ela o fundamental é o dibuxo.

E sobre d'esto do dibuxo, imos dicir algo moi importante.

#### DIBUXO E COOR

Efectivamente, hai dúas maneiras de concebir a pintura. Pódeas un concebir coma dibuxante, e pódeas un concebir coma colorista. Na pintura tradicional, o qu'importa é a liña: quérese dal-a impresión da forma. Isto foi por que a pintura tradicional ten a súa raíz na escultura. Denantes d'haber pinturas, houbo estátuas e baixorelieves policromados, e d'istes pasouse á pintura mural. A coor era elí un accesorio e conservou moito tempo este caractere aínda tempoixas de s'haber feito a pintura independente da decoración arquitectónica ó pasar das paredes ás táboas medievas.

As táboas byzantinas e mail-as dos primitivos italianos e flamengos, eran dibuxos iluminados. Foi o perfeccionamento de técnica o que, do Renacemento pra diante, preparou a independencia da pintura. A coor i-a lus colleu un valor novo que s'adeviña no Greco e mais en Rembrandt, mais que non chegou a ser comprendido até a aparición do impresionismo. O camiño ind'era longo é fíxose moi adispacio.

#### ORFISMO

Mais nin Claude Monet nin Whistler viviron en balde... As sinfonías en co-

lor de Whistler foron o anuncio d'un arte novo inteiramente: o «Estudio e verde e violeta», o «Nocturno en negro i-ouro», o «Nocturno en azul e prata» son das cousas mais definitivas do gran mestre inglés. Tiñan que dal-o seu froito. E dérono. Co-esa vacilación da mocidade novecentista antre as diversas tendencias artísticas que cada día descubren novos mundos que son novas terras prometidas, fóronse revelando os «órficos» i-os «sincromistas»: Piccabbia, Kupka, Morgan Russell, Van Dongen y-outros moitos déronse a facer «pintura pura».

Orfismo, pintura pura, é deoir independente do asunto, da anatomía, da natureza, do volume, da forma, do dibuxo.

Algús sincromistas inda teñen asunto: eu vin un «Interior» de Morgan Russell, i-até «Academias» d'outros sincromistas, e habede qu'unha das cousas ás que os novos teñen guerra declarada, é ás figuras ispidas... N'esto imos d'acordo coas Señoras da Boa Prensa e da represión da Trata de Brancas.

Mais os verdadeiros órficos pintan cadros sen asunto. Fan pintura pura.

Sostén o Orfismo que a pintura non ten mais fin que recrear os ollos. Á súa intención é pol-o tanto decorativa. Achámonos no segundo grado de contemplación que denantes deixamos sinalado. Pro pensan que pra recrear os ollos, lles non compre pra nada o dibuxo. Non querendo expresar nada, non querendo ensinar nada, a nada veñen as formas. A pintura debe ser sómentes coor. O deseño non sirve pra nada. Toda intención realista, expresiva ou docente é allea a arte pictórica, é cousa que se l'añide, que se lle sobrepon corrompendo a súa pureza... Un cadro non debe representar cousa ningunha: coores dispostos i-arranxados de maneira que dé gusto velos, e nada mais. Esí, no mesmo Madrid, n'aquela vila refractaria a toda novidade, Mme. Delaunay decorou o Petit Casino nada mais que con discos coloreados.

Xa non hai eiquí problemas de perspectiva nin de volumes, xa non hai qu'observar, nin qu'estudiar proyeccións, nin se pensa en estruturas nin en leis. Eiquí si que demos o fin coa creación pura, coa pura invención, coa libérrima fantasía ¡Cómo? ¡A arte fígos'o fin independente de todo intelectualismo?

Ay non; inda non! Fica aínda un problema, o mais difícil de todol-os problemas: o problema do ritmo... Nono imos tocar agora nós. Pra lle tomal-a embocadura nada mais, teriamos que faguer un curso inteiro...

Porque a pintura órfica é eso: ritmo, ritmo puro. A pesare das concomitancias que teñen os ús ios outros, o orfismo é o contrario do cubismo. O cubismo é o dibuxo integral, e na historia da pintura é, pol-o tanto unha tendencia retrógrada. E unha volta ó baixorelieve. A proba dánola un cubista hespañol, Xan Gris, que conseguiu o seu efecto máisimo c'un cadro tallado en pau... Por eso o cubismo é tan interesante na escultura. A plena realización d'esa arte opúñase o supreficialismo crásico. As estátuas cubistas teñen o mais de forma conseguida até ós nosos días. Até hoxe, a escultura non tiña mais que superficie: agora ten estrutura.

Mais non que toca á pintura, é o orfismo i-o sincromismo o que ten porvir. Seguindo ese camiño, a pintura chegará a conseguir efectos com'ós da música.

E xa temos dous dos vértices do triangulo da plástica moderna. Fállanos un.

#### RECAPITULACION

Recapitulemos primeiro, pra recoller un instante as ideas fundamentaes que deixamos espostas:

Diferenciamos primeiro na arte, a «expresión» i-a «creación», e vimos que a creación era ou «imitativa» ou «inventiva». Dixemos que «arte nova» levaba camiño de ser creadora é inventiva. Sinalamos a Cezanne como o «precursor» de toda arte nova. E vimos coma dos seus principios derivábanse duas difeicións diverxentes, o «cubismo» i-o «orfismo», e coma cada unha d'elas correspondíase c'un dos dous primeiros grados dos tres que ten a contemplación artística das cousas do mundo, a saber: «realista» ou sensitiva, «estética» ou decorativa, e «simbólica» ou intelectual.

Vimos que á primeira correspondía o cubismo, i-o orfismo á segunda. Agora imos ver cal é, antr'as manifestacións da arte moderna cal é a que corresponde á terceira.

Pra min non colle dúbida: esa arte é a «caricatura».

#### A CARICATURA

A caricatura é a arte que corresponde ó terceiro xeito de contemplación: é a arte simbolista por excelencia. Hémonos convencer d'elo coas verbas do mesmo Castelao.

Castelao fixo sóbor da caricatura niha parola no Ateneo de Madrid, e tona publicada, co título de «Algo acerca de la caricatura». N'ela fala da caricatura moderna, y-estabrece ben a distinción antr'ela i-o que hastra fai pouco s'entendía por caricatura...

Mais enantes d'entrar na súa teoría,

fagamos un pouco d'história. A caricatura principiou por sere unha variedade da «arte grotesca». A arte grotesca, fose satírica, ou sinxelamente cómica, colleu plenitá de vida na Edade Media, d'end'os derradeiros tempos da arte románica, mais principalmente, no período gótico. O humorismo é fillo do espírito romántico, supón unha concepción pesimista i-aínda tráxica da vida, e se non podía dar ben nos tempos crásicos...

Por eso é na Edade Media que apareceu eses monicreques ridículos ou oscenos das gárgolas e dos canicelos, cando se tallan nos asientos do coro das Catedrales e dos mosteiros ises frades padricando c'unhas longas orellas de burro, ou montados a cabalo, c'un bandido imenso e c'un xamón i-unha bota de viño de cada lado da alforxa, cando non levan na besta, detrás ou didiante unha boa moza coa saia refucida i-a carrancha perna...

Entón com'agora, a intención satírica desviaba á caricatura do seu verdadeiro camiño. Aquil humorismo, como o de moitos humoristas dos nosos tempos, non era humorismo puro.

Onde se comenza a adviñar que a caricatura había ser, é nos Países Baixos, nas fantasías verdadeiramente terribles de Brenghel o Vello, e por riba de todo nas táboas de Xerónimo Bosco. No Museo do Prado hai unha «adoración dos Reises» do Bosco na que a caricatura ten xa toda a tensión simbólica i-humorística que a distingue hoxe. O rei negro leva na man unha caixa, e na tapa hai un paxaro comendo unha fruta, d'unha expresión tal d'ironía, d'un humorismo tan fondo, que non hai nada somellante na arte de todol-os séculos. Os paxaros ebríos que picotean os astros da poesía de Guillaume Apollinaire ficán moi atrás...

Mais eu ter, teño como a concepción suprema do humorismo medieval á Danza Macabra.

Cecais esto vos pareza estraño, porque o concepto do humorismo anda por ahí adiante subvertido. I-o humorismo no vos é lería...

## O HUMORISMO

O humorismo é a cousa mais seria que hai no mundo. O humorismo en arte é o supremo. Non chegan a il senón os espíritos verdadeiramente superiores. Sómentes n'unha civilización moi traballada é posibel. E pra ser humorista compre mais que nada ser forte, compre ser valente.

O humorismo é un privilexio das razas do Norte: os castelans, os andaluces, os italianos, os gregos, non teñen humorismo. Téñeno os ingleses, témolos nós. E o contrario do que pensa moita xente a que lle teñen os ouvidos

cheos co «sal» andaluz... D'unha vez pra sempre compre deixar sentado que ise «sal» non é a «gracia», e moito menos o «humor».

Sen nos meter en fonduras, a pouco qu'analizásemos, toparíamonos con que ise «sal» de que tanto se fala non é mais que facilidade de palabra. Moita verbosidade, falar moi apresa, resposta rápida—en xunto: viveza verbal. A gracia non é eso; a gracia non é viveza de palabra, senón viveza de pensamento: a gracia nona ten o que fala ápresa, senón o que fala adispacio... Mais o «humor» é unha disposición espiritual que está en cen codos por riba do sal e mais da gracia.

O humor no é o humorismo, anque sexa a disposición espiritual que o fai nacer. O humorismo ven a sere o humor intelectualizado—sendo o humor mais ben unha disposición afectiva—exendrando unha filosofía i-unha estética.

Xa deixei dito que o humorismo é fillo do espírito romántico, i-envolve unha concepción pesimista i-aínda tráxica da vida. Ven da loita interior que enche toda i-alma romántica, que ó contempral-o dualismo irreductibel e fatal da vida, síntese esgazada e ferida no mais fondo, sen remedio e pra sempre...

Os pobos unilateraes, e simplistas, coma son o xudeu i-o castelán, inaccesibles ás contradicións, incapaces de concebir o pro i-o contra viven alleos ó conflito romántico encourazados no seu coiro de sapo, e non teñen humorismo. Por eso, de toda a Hespaña, non hai humorismo mais que en Galicia. Si efectivamente hai humorismo verdadeiro no Quixote—eu nono sei porque nunca o leín con atención d'abondo; é unha cousa tan pelma! i-ademais fai moitos anos que nono volví coller, nin penso—si efectivamente hai humorismo verdadeiro no Quixote, digo, lembrádevos que Miguel de Cervantes tiña sangue galego pol-o pai e mais pola nai.

O lugar de Cervantes d'onde trai seu apelido paterno, non teño que vos recordar qu'está na provincia de Lugo, e Saavedra, avemaría purísima, se non é galego enxebre...

Eu hastra penso —e podía que non vaia moi descamiñado—eu hastra penso si o humorismo non será a autitude que tomamol-as razas célticas pra levar con resinación a Cruz que Deus nos puxo riba do lombo...

## O QUE DI CASTELAO

Ben. Com'ibamos decindo, a caricatura desprendeuse definitivamente nos nosos días da arte grotesca. Castelao ten coidado d'adevertilo na conferencia dita: esprica como a caricatura non é a

esaxeración do ridículo con fin escurivo de facer reir, sinon, a supresión do inespresivo, despreciando en todo caso a beleza convencional, que ten por defectos moitos elementos d'espresión...

Castelao proclama a independencia da caricatura, dicindo d'un xeito terminante que se distingue das chamadas artes belas até pola elección dos asuntos. O concepto qu'il ten d'ela poderíase resumir en dúas verbas: «simplificación expresiva».

Coesto fica dito que a caricatura pertence á arte d'espresión inda que sexa, no meu concepto, e cecais tamén no d'il, a mais creadora das artes d'espresión.

Agora queda por demostrar como corresponde ó terceiro xeito de contemplación artística. Efectivamente: o mesmo Castelao di que a caricatura é un arte d'«esporador d'almas», e que aínda os mortos teñen expresión, e tamén o inerte, os montes i-as pedras das nosas casas; mete ó caricaturistas pintores d'almas... No feito, a súa arte é sempre arte intelectual «clínica en forza de ser consciente»—según as súas verbas. Non vos teño qu'insistir n'esto, porque tendes diante unha checa de deseños seus nos que vos leendes coma n'un libro. Sabedes ben o que «quere dicir» cada un. I-estas verbas «quere dicir» indícan xa que cada monicreque ten o seu simbolismo. Son follas coma se foran d'un libro, escrito en figuras, en troques d'estar en letras. Cada detalle, n'un d'ises papeis representa unha idea ou un sentimento ou un matiz ideolóxico ou sentimental. ¿E non é a esto ó que se chama arte simbólica?

Dixen enantes que a contemplación intelteitiva, interésase menos por comprender o que as cousas son en si, que polo que elas significan pra nós, polo que nós podemos adprender ó contempral-as... Pois ben; hai suor d'esto unhas verbas moi reveladoras na repetida conferencia de Castelao: «Un horreo—di—que pol-as fendedelas mostre sómente o ceo, di mais da fame d'un ano que un artigo de fondo». Velaquí está o simbolismo: ise horreo é o que se chama un «símbolo»: un oxeto que representa ou suxire unha idea.

## O PROCEDIMENTO CARICATURAL

E a simplificación expresiva, o que nós tiñamos chamado ó principio esquematización, e qu'habíamos dito qu'era a que lle daba ás cousas o seu «sentido estético». Mais esta esquematización, esta simplificación expresiva, non sómentes escolle, non sómentes fai unha selección dos rasgos expresivos, sinon que os acentúa, que lles dona releve estético.

I-equí é onde, ó meu ver, entronca

mais craramente a caricatura coa escola de Cezanne. Sempre teremos que atopar iste nome nos comenzos de toda modernidade... O gusto que tiñan os post-impresionistas por imitar os dibuxos dos salvaxes e dos nenos—arte esencialmente simbolista, arte ideoplástica por excelencia, arte sempre esquemática—é verdadeiro caricaturismo... caricaturismo no seu verdadeiro concepto. Os nenos e mail-os salvaxes non imitan modelo ningún: non pintan as cousas, sinón a idea simplificada qu'elles teñen das cousas: eiquí ben perto de nós, no penedo do Polvorín por baixo da Torre d'Hércules ou de Breogán, hai unha mostra do arte dos homes primitivos. N'ela, unha raia horizontal e catro verticais por pernas, chegan pra representar un cabalo; unhas cruces chegan pra representar unhas mulleres bailando. Non se pode dar mayor esquematización. A arte que procede d'iste xeito chámasele «ideoplástica». A que pol-a contraria, copia rigurosamente o modelo que ten diante dos ollos, chámasele «fisioplástica». A pintura de Velázquez é polo tanto, fisioplástica. A caricatura é sempre esencialmente ideoplástica. Os post-impresionistas tamén o foron.

Como tendencia artística, e pra mellor caracterizala, podemos chamar á caricatura o «ideoplastismo». O chamala así ten outras ventaxas. Non somentes comprende, e trai baixo o dominio da caricatura pura as outras tendencias artísticas do día: sintetismo, vibracionismo, post-impresionismo, arte negra etcétera, sinón que o nome, pola virtualidade máxica pra min indudabel de certas verbas podería ainda dar lugar á creación d'unha escola nova angueira pr'á que nós seríamos os mais doados—unque eu penso que na nosa terra estea chamado a un gran porvir o orfismo e mais o sincromismo.

En resumo, o proceso da pintura moderna é un proceso de disociación dos seus elementos: a pintura pura tende a se soparar, a s'arredar cada día mais da pintura intencionada ou ideoplástica: o color tende a se soparar do dibuxo. Cada elemento busca a súa independencia. Temos así que a disociación da arte pictórica faise seguindo tres direccións diverxentes que se diferencian non sómentes nos problemas que se propoñen resolver: problema da estrutura—problema do ritmo—problema da expresión—sinón tamén nos efectos artísticos que buscan, nos cuas correspóndense coma vimos os qu'apresentamos coma grados da contemplación artística: contemplación do real, contemplación do decorativo, contemplación do sinificativo. Vimos que o cubismo busca un efecto de rea-

lidade, o orfismo un efecto decorativo, o ideoplastismo un efecto simbólico.

Atopado o terceiro vértice, o triángulo fica completo.

I-a arte de Castelao fica tamén coesto «situada», ou sexa posta no seu sitio, dentro do cadro xeneral da arte contemporánea. E o ideoplastismo, arte d'expresión, arte intelectual por excelencia, clínico en forza de ser consciente. Tan simbolista que s'axuda d'unha verdadeira simbólica da liña, que o seu autore comenza a esbozar na súa tan citada conferencia. Tan humorista que chega ás veces a abstracción case metafísica. Tan espresiva, qu'algús d'ises papeis que temos diante son verdadeiras monografías n'unha soia páxina...

O temperamento humorista é o temperamento filosófico levado ó cume da agudización, feito instinto estra lúcido. Sómentes co-el se pode chegar a esa comunión co sangue da Terra á que Castelao chegou; o sangue de Galicia—porque évos certo, a Terra ten sangue e ten alma tamén coma nós—o sangue de Galicia trasfundiuse nas veas do seu grande artista e no miolo lúcidamente visionario de Castelao, total-as condicións esvaidas, total-as amarguras fondas, total-as arelas escuras que latexan no subconsciente da raza, total-os mileiros de cousas que dormen na conciencia subliminal de Galicia—figuéronse craras, patentes, tomaron idea e imaxe, i-o grande artista foinas pictografando, foi eternizando no papel os hieroglifos da alma galega...

I-agora, eu dígevos: ese fondo eu, esa conciencia subliminal da Terra Nosa dorme na subconciencia de cada un de nós: se coma Castelao fixo, conseguimos nós despertalo no fondo da nosa i-alma e facelo falar, entón veremos cantas cousas ten Galicia que lle dicir ó mundo, e levaremos dentro de nós a forza que compre pra a angueira mais outa qu'un fato d'homes poda acometer n'esta vida: crear un pobo. E si isto facemos, convertiremonos en obreiros da mais grande obra que o futuro garda pr'ás novas xeneracións: a Civilización Atlántica... que ha ser creada por homes da nosa raza.

Eis o que tiña que decirvos hoxe.

Saude e Terra.

Según los escritores gallegos, las islas de los bienaventurados son las que los romanos llamaban «Cicas» o «insulas deorum», hoy Cíes.

Según algunos Gerión es el representante de la gente céltica que se apodera del país de los túrdulos (caldeos samitas) lo tiraniza y goza. Osiris es el pueblo egipcio que vence al celta, pero que no logra deshacerlo.

...como la invasión de los celtas gallegos en la Tardetania es un hecho probado...

La isla Erithya según la geografía fabulosa de que es eco Mela, estaba en Lusitania. Esta llegaba al prom. Nerio y casualmente, frente a él estaba la isla Erithia.

La tribu de los brigantinos pasó a poblar Irlanda.

## Unha medalla

### ANVERSO

O doutor López Suárez, galego enxebre, membro do Instituto Rockefeller, de Nova York, traballa n'un grande proxecto de cultura pr'a nosa Terra. O seu lema é: «que Galicia faiga todo canto lle convén sin pedir-lle nada ó Estado, agás aquilo qu'é obriga do Estado facere».

Cousa dina de total-as loubanzas.

### REVERSO

Os fantásticos señores de «Estudios Gallegos», en troques, pendo a toda Galicia no ridículo, quizeron zugar co Estado dez mil pesos pra iren de rumba sendogaleguizadora, con rexonbo, trangallada e logares comás retóricos, a Montevideo.

A vella Galicia pidichosa e mendicante voltou á aparecer de novo co'eles. E levon un axe moi xusto. ¡Dorindos!

## Postaes

### Imperialismo da língua

O idioma galego se nós quaremos, no porvir poderá ter unha importancia internacional grandísima e trascendente. A hexemonía do castelán n'América no ten fondo ningún. O castelán abó un camiño de se «d'alentizare», xa corrompido. Falan moitos millóns d'americans inglés: falan portuqués moitos millóns tamén. A taxerencia de razas estraxineiras (italiana, eslava, xermana) nas Repúblicas mais progresivas do Novo Continente constitue elemento «descastelanizadora». Na Península ibérica castelánas son Euskadi e Cataluña. Unha razón independente, con cultura gloriosa, veciña de Galicia ten por língua a mesma galega con só diferencias ortográficas. ¡Quén di pois, qu'è unha loucura cultural-o idioma noso, idioma vivo, tan lírico e doce coma o italiano, estudado por total-os grandes filólogos do mundo, glorioso pol-a súa Estoria? Arrenegar do noso idioma, é arrenegar da nosa natureza, da nosa i-alma, pra sentirmos escravos voluntarios, soñidos do noso sere...

¡Sintire o imperialismo da língua é sintire a nosa liberdade!

A. VILLAR PONTE

## Estudios Críticos

# EÇA DE QUEIRÓS e GUERRA JUNQUEIRO

Hai quen pensa que s'está faguendo unha revisión dos nosos valores espirituales. Eu coído que se non está faguendo nada; mais paréeceme qu'esa revisión compre facela. Agora ben, os valores espirituales d'un pobo non son somentes os indixenas, senón tamén os alleos que tomaron n'él carta de natureza.

Teño eu observado na mocidade galega unha chea d'influencias ruins—adevirtindo quenon compre que un escritor sexa ruín, pra que sexa ruín a súa influencia. Eis o caso de Valle-Inclán, que tanto dano leva feito...

Literariamente, a mocidade galega vive fora da época. E unha mocidade de retrasados. O descoñecemento das línguas cultas, fai que teñen que ler as chafalladas a catorce reais volume que lles dan as casas editoriais de Madrid e Barcelona, que seica teñen a contrata do refugallo da literatura universal...

Indo ó asunto, direi que non teño por alleos a Eça de Queirós e Guerra Junqueiro, por que sexan protugueses, senón polo contrario, polo seu escaso lusitanismo... O noso coñecemento da literatura portuguesa, na maioría dos casos, non vai mais lonxe de Eça de Queirós e de Guerra Junqueiro, e pra eso, o primeiro lido ó mellor nas traducións castelás.

A sonda do Eça entre nós ven das dúas bandas. Pirmeiramente, da banda dos picarós, que escarramelan os ollos ó leren certa escea churrusqueira de «O primo Basilio», tomando ó gran novelista miñoto polo que non é—e segundamente, da banda dos volterianos que aínda pensan que compre moita valentía n'istes tempos pra se meter con Dios do ceo...

Por ises dous peccadiños pequenos, non merece a pena de lle botar ó Eça unha pauliña. O mozo tenes de moita mais gravidade.

O Eça é un espírito desnacionalizado, un «couteast» d'especie superior. Ten unha visión da patria pesimista e desespranzada. O seu Portugal é o Portugal de «As Farpas», tráxico e risible: «todo o paiz não é mais do que rma aggregação heterogénea de inactividades que se enfastiam...»

... é o Pacheco, erguéndose na Cáma-

ra pra responder a unha interpelación c-aquelas verbas lapidarias: «Ao illustre diputado que me censura só tenho a dizer que enquanto sobre questões d'Instrução Pública, sua excellencia ahí n'essas bancadas faz berreiro, eu, aquí n'esta cadeira faço luz!...»; e o Padre Segueiro e mais o Comendador Pinho. E c'un desleigamento d'home superior, c'unha falla asolata de simpatía pol-a terra, o inxenio portugués emigra, fuxe a París, e aló, fica fitando o mundo por atrás do monocle dende un palco da Opera...

E nacen ises «tipos d'alta civilización», que pasean a súa elegante inutilidade por todos os coñecementos humanos: Fradique Mendes, Jacinto Galvão, eixempraridades imaxinarias pr'o delirio de grandezas de tantos probes rapaciños qu'inda non aprobaron se cadra o primeiro de Civil en Compostela...

O Eça é o espectador desinteresado do espectáculo. Hai que vel-a condescendencia bulreira da súa máscara fidalga, que mostra por baixo dos bigotes o sarcasmo dos dentes brancos...

«Os Maias», «A Correspondencia de Fradique Mendes», a primeira parte de «A Cidade e as Serras», son escolas de diletantismo, apoteoses da sociabilidade erudita, erixida a sistema ético, sendo-aristocratismo desdeñoso que xea os entusiasmos, derrama as inocencias, envellece as almas novas e deixaas desilusionadas e murchas, xa sen fé, sen vontade, sen forza pra viviren...

Non pode haber cousa pior no mundo, do que o escepticismo, sóber de todo, o escepticismo do diletante. Verbas sangrantes de condenación escribiu sobre d'él, Paul Bourget, no prólogo de «Le Disciple». Fai vinte anos, no Colexio d'Estética de París, Maurice Le Blond proemaba «a fin do diletantismo...» O diletantismo é a inmortalidade intelectual por excelencia, é a doenza mortal do carácter. O diletante é sempre un decadente; é, no senso da vida, un devecido.

Eça de Queirós leva inoculado a moita xente o virus maligno do diletantismo. A súa literatura é polo tanto danosa por «anti-vital». Compre reaccionar contra d'ela, botala fora. Hai que librar d'ela ás novas xenera-

ciós se non queremos que todo se desfaga nas suas maus.

Il mesmo arrepenhiuse ó fin. A segunda parte de «A Cidade e as Serras» é o «mea-culpa» do grandilettante, é a reificación de toda a súa obra.

O inxenio portugués emigrado, fuxido, dempois de percorrer todas as terras e todas as frivolidades, volve a Portugal. Quérese reintegrar na Terra... até a sombra de Don Sebastián atravesa vagorosa as páxinas do libro, nas verbas de profecía d'un doce tolo, d'un d'esse mendigos errantes de que fala Teixeira de Pascoaes, e que é o persoaxe mais interesante de toda a obra do novelista miñoto, o soño que pon n'ela un pouco de Alén e de Misterio... Mais, meu gozo n'un pozo: Jacinto xa non sabe vel-a paisaxe se se non axuda c'un testo de Virxilio... ¡Il non comprende mais que o Bois de Boulogne! I-a novela decaí, i-os lectores diletantes protestan, decindo que o Eça non tiña dereito a levar ó Jacinto ás serras, que debeu dexalo morrer en París...

O Eça xa non podía volver a ser portugués... Cando se pensa que todas as doutrinas e todas as ilusións son «uma massada», que a patria é «uma nação talhada para a ditadura ou para a conquista», entón vale mais fuxir d'iste mundo pr'ó ceo, pr'ó inferno, con Anthero ou con Camillo...

Eça de Queirós foi diletante; Guerra Junqueiro é a contraparte d'Eça de Queirós. Guerra Junqueiro é un sectario.

De novo comparecen os volterianos a admiraren a súa costancia en insultar á Corte Celestial... ¡Carenta anos de servicios á impiedade...! Guerra Junqueiro é un creente, un crente nos principios do 89. N'eso cree que rabca. Por eso, en todas as Hespañias, a admiración por Guerra Junqueiro é un dos artigos do Credo republicano.

Guerra Junqueiro asesta—darei glosando unha imaxe de Teixeira de Pascoaes—o mais formidabel armamento sonoro e musical contra do Altar e do Trono... E Mr. Homais apláusao... Ano tras ano vai caíndo no pobo portugués os seus brillantes panfletos líricos, suas verbas acesas que poñen lume nas testas. Son como treboadas... Todo eso bebeuno en Victor Hugo.

A poesía cívica é grande cando a dicta o instinto d'unha raza, cando é o cantar do sangue d'un pobo—cando, n'unha verba, é «poesía étnica». Mais, o dereito político inda posto en verso, non é poesía. E a «nación» a que pode ser vista mistecamente; non o «Estado», inda que o diga Novalis. Hai que ter en conta que Novalis era alemán, e que o Estado foi diviño pr'ós ale-

más, por razóns étnicas—«panxermanismo»— e non por razóns puramente políticas.

Ha poesía cívica de Guerra Junqueiro é puramente política: repubricana e anticlerical. E o xénero miúdo da poesía cívica...

Eu penso que o fanatismo calquera que sexa, aínda por unha forma de goberno, con soilo que sexa fanatismo, pode faguer d'un home un gran poeta pol-a furia que pon na súa i-alma. Millor quero o sectarismo máis cego, máis cabezudo, que non o dilettantismo coa súa friaxe aniquiladora. Millor é que a mocidade galega s'antusiasme con Guerra Junqueiro, que non con Eça de Queirós.

Sómente penso que empre buscar algo máis fondo que «A Patria» ou «A Velhice do Padre Eterno»; que non hai dereito pra que a xente adeprenda e recite as aleluias manificamente parnasianas, pro valdeiras, de «A Lágrima», e ñiore os sonetos d'Antero de Quental, o «O aristos» d'Euxenio de Castro, o «Só» d'Antonio Nobre, a «Terra prohibida» de Teixeira de Pascoas e «O Encoberto» d'Affonso Lopes Vieira.

Eu combato eiquí, principalmente, non a Guerra Junqueiro, senón o hábito mental que na maoría dos lectores galegos reduz o seu nome toda a moderna poesía portuguesa, na que non é il o millor, tampouco, nin o máis novo. I-a «novidade» é tamén un valor...

VICENTE RISCO.

Ourense, 1920.

## Un que nos deixa

O noso querido irmán Tomás Rodríguez Sabio, déixanos. Vai pra Cuba ond'o levan esixencias da vida.

Boinos a súa partida. El é un rapaz intelixente, simpático, cheio d'entusiasmo pol-a causa nazonalista, o servicio da que puxo canto polde.

Figurou nas nosas assembleas de Lugo e Compostela. E ten publicado algunhas verbas acesas d'amore á patria.

Dend'alen o mare ha seguirmos emprestando a súa axuda valiosa.

E nós, que o queremos coa i-alma, desexámoslle moita sorte e un pronto feliz retorno á súa Terra.

Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao administrador pra facer a reclamación no correo.

Prégase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

## ¡Machucade!

### Pr'a mocedá Nazonalista de Santiago

Machucade, machucade,  
qu'angu'o ferro estea frío,  
se lle batedes con brio,  
ben aixiña aquecerá.  
E dimpois qu'estea roxo,  
de batelo non deixedes,  
que soilo así trunfaredes  
na loita qu'a berta está.

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS.

Vigo.

## Os nosos trunfos

O nazonalismo galego vai de trunfo en trunfo. Os que coidaban mortas ás "Irmandades" pódense decatar do seu erro. Van pr'o cumio e cada vez máis fortes, rexas, bariles e consentes.

A Exposición de Castela, o éxite artístico meirande de Galicia. As conferencias de Risco, Castela e Viqueira, as notas de cultura galeguista máis fortes que se teñen dado. O mesmo que a de Quintanilla.

A Asamblicia da "Mocedá Nazonalista" de Santiago pra pedil-a creación n'aquela Universidade da cátedra de Historia e Lingoa e Literatura galego-portuguesa, feito trascendente, no que tomaron parte Viqueira, e Losada Diéguez. E logo aínda o mitin de Santiago no que faloron Risco, Castela, Losada Diéguez e Peña Novo.

E derradeiramente a constitución en Vigo da "Mocedá Nazonalista, con selen-ta homes e vinte donas.

Todo isto no inter d'unha semana.

O alcalde da Cruña, Sr. González Rodríguez agasallou c'un xantar ós nosos irmáns Cabanillas, Castela e Risco.

Con outro xantar agasalláronnos seus admiradores.

E inda no salón da "Irmandade" erufe-sa fíxose unha velada teatral no seu obsequio i-unha cea íntima á que concurriron locidas representaciós da "Irmandade feminina".

Vede si imos ou non por bó camiño.

Pénsase n'un novo ciclo de conferencias aló pr'o maio. Aixiña publicaránse notabres folletos de propáganda. I-eisi cada un día máis háse ir intensificando a nosa labore. ¡Inda sin cartos! Que no nazonalismo están os máis ricos d'espírito, que son dos máis probes de bolsa.

Oxe poderán lér os nosos irmáns e amigos a notabre conferencia de Risco. No próisimo número publicaremos a de Castela, e logo as outras.

Pol-o ben da cultura galega, compra, pois, que "A Nosa Terra" teña m' e recit-res, eprotolores cada día.

## CRÓNICA

### Nós somos aristos

Nós somos os aristos.

Somos os que achamos un pobo esnaquizado e queremos facer libre, civilizado e culto, no concerto dos demais pobos europeos.

Os que temos un ideal e non comprendemos a vida sin él, porque n'este ideal está consubstancializada a nosa personalidade é a nosa razón de ser.

Os que non nos conformamos con ser «cosas», senon «forzas».

Os que nos tocou nacer n'un pobo que, por eunuquismo e inconscencia, resínase á condición máis ofrentosa e al draxante, e que, por non ter vontade, por sere ñiorante e inculto, fíxose ser-vo por comodidade, facendo ós seus caciques e ós seus amos.

Somos os que, por enriba da servidume dos mais, temos qu'erguer a nosa voz de homes libres e o novo espírito de independencia frente á sumisión dos «pancistas» e á «incondicionalidade» rebañega dos servos.

Somos os que temos unha ética e unha estética:

Os que queremos socializar no noso pobo os valores ideais do mundo enteiro, axeitándoos á nosa visión diferencial e dissociándoos según a propia capacidade peculiar.

Os que aspiramos a que se conozan e se pensen e se discutan en gallego as categorías platónicas, o metodismo lóxico cartesiano e o ausolutismo ideolóxico de Hegel.

Somos os futuristas... Somos, se que-redes, os rebeldes, os revolucionarios, os transformadores, do linaxe dos que trouxeron en todo tempo y-en todo pobo, a través dos séculos, o progreso, a renovación, a cultura, as liberdades, todo-los tránsitos fecundos; somos d'aquelles ós que chamaba Emersón os «non conformistas», Spencer os «inadatados», Stuart Mill os «descontentos», Nietzsche os «inautuales»...

Somos os xenerosos que queremos dar unha razón ética e unha finalidade espiritual á nosa existencia...

ROBERTO BLANCO TORRES.

Lea vostede

A Nosa Terra



Do álbum de Tomás Rodríguez

**A miña pátria é Galicia,  
a miña lingua a galega**

N'hay mais que un soio Deus xurdiu e  
hay unha soia nai, boa e querida  
soio unha Pátria hay: sin ela o home  
é tempro sin altar, alma sin vida.

Eu son d'aquela terra verdecente  
á barbara Castela sometida.  
Hey de granxar cos dentes do seu peito,  
o cuitelo homicida!

Soio unha Pátria hay: a miña é escrava  
e'o seu fogar desfeito, malferida.  
¡Quén verte tanto sangue, ha de bebel-o  
han que me coste a vida!

Fala da miña Nai, sangue do esprito,  
que no desterro malumea e guía,  
onde quer que te escoito, lingua amada,  
escóitete tamén, Terra querida.

VICTORIANO TAIBO.

Condado de Ortigueira, Marzal 1929.

**ESTRENO TEATRAL**

**San Antón o Casamenteiro**

Cóisio nome acaba de s'estrenare na  
Cruña unha comedia galega do notabre  
escriitor e poeta vigués Avelino Rodríguez  
Eliás.

"San Antón o Casamenteiro" gustou  
moito a centos viron representala. E unha  
cousa s'uxela, de moita "vis" cómica, inspi-  
rada n'unha lenda do santo das nenas.

O teatro galego, conta, pois, c'unha obri-  
ña mais que terá de representarse moito.

E de xeito fino e de chistes cultos.

A nosa embora ó querido irmán Avelino  
Rodríguez Eliás.

**Orientación políticas  
da Galicia**

**«Orientación perniciosa de  
las Irmandades da Fala.»**

N-a Asambleia nacionalista de Compos-  
teña, de conformidade co-a constitución in-  
terna d'o partido nacionalista, condiciona-  
ronse as suas deliberacións establecendo que  
non se podería discutir n-ela acerca d'a-  
suntos relixiosos nin de formas de goberno.  
Pois ben; ecomasi, dous sinores reproducen  
o que xa fixeran cando Porteiro fundou  
a Irmandade d'a fala de Santiago.

Un frade franciscano,—sin dúbida co-a  
millor boa fe,—intentou que a Asambleia se  
declarase católica. Craro está que esta pro-  
posición foi rechazada, pois aparte de que  
toda cuestión relixiosa cal fora d'a esfera  
d'acción do partido nacionalista, iste está  
firmado por persoas de todas as tenden-  
cias y-ainda que non-o estivese a pruden-  
cia podería aconsellar non facer tal declara-  
ción, como con gran acerto indica o  
P. Luis Chaulband y-Errazquin, S. J. con  
relación ós sindicatos agrícolas. Tratábase  
pol-o tanto d'unha proposición semellante á  
que se lle fixese a unha sociedade anónima,  
cuyo capital estivese constituído por au-  
ciós ó portador, pra que se declarase ca-  
tólica.

Ademais coñecíase que o virtuoso franciscano  
non consultara co-a Hestoría gigantes  
d'Irmos a faguer tal proposición pois d'o  
contrario non s'esquecería de que mentras  
n-a Europa s'escribaba á cristiandá contr'os  
turcos o papa Inocencio III non creu contra-  
rio ó dogma entrar en relacións c'o Sultán e  
conservarlle prisioneiro un irmán que lle-  
ra rebelde, nin o papa Alexandro VI esti-  
mou contrario ós principios relixiosos ó  
escribir ós turcos contra Venecia.

Tampouco s'esquecía o frade a que fa-  
go referencia, de que non é unha immoralidade  
senon unha operación de loxica social a  
xuntanza de católicos e non católicos, co-  
mo nol-o demostraron as derradeiras ele-


ccións pra diputados feitas n-a Francia. Pra-  
gunta: ¡Non ten dado a Irexá exempros  
d'operacións de loxica social? Moitas por  
certo. ¡Qué foi senón unha operación de lo-  
xica social o apoio que lle prestaron os  
cluniacenses ó emperador Enrique III d'Ale-  
máña, cando o caso Wazo, n-o ano 1046 fren-  
te a protesta d'os bispos d'o sínodo d'Aquis-  
gran? ¡Qué foi senon unha operación de lo-  
xica social a non oposición d'os cluniace-  
ses á compra que fixo d'o pontificado o  
papa Gregorio VI ó papa Benedito IX?  
¡Quén intentou facer emperador d'Alema-  
ña a Federico de Sajonia, profesor d'o  
Lutero, frent'os intreses de El Rey Cal-  
ros I d'España? O papa León X. (1)  
¡Hay moitos eclesiásticos que d'a Ixei-  
reza d'os seus xuíciós toman o asideiro  
pra os seus ataques!

ARTURO NOGUEROL.


(1) Según dixo o papa León X unha  
vez ó embaxador de Venecia, o rey Calros  
comíalle menos que ningún des preten-  
dientes "Sabedes, perguntoulle, canto dis-  
ta de Roma a frontera dos seus domi-  
nios?—Coarenta leguas— Pois non convén  
pra rey de romanos".

"Iste, o rey Calros, reunía mais preball-  
dades que Farruco I de ser elixido, e n-esta  
convicción deu León X n-o 23 de Xanero  
orden ós seus legados de traballar a  
favor d'os dous eleutores—o de Sajonia ou  
o de Brandeburgo— con preferencia a fa-  
vor do de Sajonia". (Dr. Federico de Be-  
zold n-a Hestoría Universal dirixida por  
Guillermo Oncken, tomo 21 páx. 340).

Esta oposición non foi oústulo pra  
que o 21 de Xunio, vendo a partida perdida  
e fracaso das negociacións encomendadas o  
día 15 do mesmo mes o embaxador Miltitz,  
declaráse o papa León X por medio d'os  
seus embaxadores "a todos os príncipes  
eleutores que consideraba a Calros d'Espa-  
ña como millor defensor (2) Santa Sede  
e que pol-o mesmo deixara os seus temores  
respeito á prousimidad d'a fronteira de  
Nápoles" (obra citada tomo 21 páx 342).



**A FARTANZA**



— DE —

**CRISTINO P. REY**

Esta casa vende os millores viños de «Lágrima» que se recolleitan en Málaga.  
Tamen vende as millores conservas galegas i-estranxeiras.

Gran surtido en lacós e chourizos de Lugo,

Ninguén ten viños de Valdeorras millores. En augardentes e viños quinados n-hay  
casa como esta.

Coñás d'as millores marcas.

**Rua do Progreso, 40 -- A CRUÑA**

Faise carrego de todas  
cras de traballos graficos,  
en imprenta, litografa e  
fotograbado, ansi coma sellos de  
caucho

## A Papeleira Galega

BARREIRA, 7

FABRICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGRABADO

A CRUNA

Telef. 434

## "PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os  
fondos dos barcos. Ga-  
nou Diploma de Hono-  
re, Gran premio e me-  
dalla d'ouro nas Expo-  
sicios de Pars  
e Londres.

REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell } Vigo  
Coruna



## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUB-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruna para Baha, Rio de Xaneiro, Santos,  
Montevideo e Bos-Aires

O da 8 de Marzo de 1920, aproisimadamente e salvo continxencias, saira do porto  
da CRUNA opaquetbot correo frances de 10.000 toneladas.


## Samara

Ademite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 359'60

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixoo, 2.—A CRUNA



## Compania Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, saira da  
CRUNA sobor do 13 de Marzo, o lixeiro e magnifico vapor

## MALTE

de 10.000 toneladas

Admite pasaxeiros de camara e 3. cras.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 359'60

Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poder embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non tenen valor algun, as cartas de chamada, autorizacions, nin poderes dados ante os Consules hespanoles.

As mulleres que se atopan n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen tenen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que tenan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompanados da sua familia.

O da fixo da saida anunciarase con oportunidade.

Os pasaxeiros tenen de presentarse n'esta Agencia cinco das antes da saida do vapor.

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespana,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUNA

**EFFECTOS NAVALES**

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCEORES

**F. BERTRAN e MIRAMBELL**

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

**GRAN FONDA**

**Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102—A CRUÑA

O novo dono desta fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**LA MODERNISTA**

**GRAN SALÓN DE BARBERIA**

— DE —

**RAMOS E ACEA**

San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e friciós de todas clases.

Nota: Neste estabrecimento atopara o público un servicio permanente a cárrago dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD  
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA  
Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

**Compra e Venda**

de máquinas de coser de todol-os sistemas.

Reparaciós e amaño das mesmas. Venda de pezas soltas, agullas e aceites.

Taller de relojería: Traballoes especiais para reloxeiros.

Dirixirse a  
**MANOEL PELLEJERO**

San Andrés, 76 - baixo — A Cruña

**Materiales de Construcción**

CEMENTO ASLAND  
MADEIRAS — CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

**Ignacio Pedregal  
NA CRUÑA**

**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Rainha), 21—LUGO  
O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL mereco ser visitado

**Frábica Mecánica  
::: de Calzado :::**

— DE —

**ANXEL SENRA**

**RUA XUAN FLOREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15  
**A CRUÑA**

**Hotel Continental**

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28  
O MELLOR SESVIDO

— DE —

**M. Losada Prado  
A CRUÑA**

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**LOPEZ ABENTE  
REAL, 55**

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.


**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios direitos dende o porto da Cruña

aproisimadamente e salvo continxencias, sairá para a

**Habana e Veracruz** o rápido paquete correo



**Prezos do pasaxe (incruadol-os impostos)**

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo. . . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. est. interiores. . . . .	» 1.668'75	1.753'75
Primeiracrase. Ponte superior:		
Camarotes exteriores. . . . .	» 1.498'75	1.593'75
Id. interiores. . . . .	» 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior . . . . .	» 1.293'75	1.378'75
Segunda crase. . . . .	» 1.103'75	1.068'75
Preferencia. . . . .	» 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE. . . . .	» 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente. O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía. Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

# LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


## Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Per qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós mellores productos i-a limpeza mais eisquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS



**GRANDES TALLERES**  
DE LAVADO E PRANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos contraos:  
A Cruña: Cantón Pequeno, 12  
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursaes na Cruña:  
Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4  
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:  
Circo, núm. 5

Total-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu'è reprodución da marca de garantía eiqui estampada.  
Recíbense encárragos de fora, y-espídense por meio das nosas sucursaes.  
Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encárragos.

## Os viños e coñás mellores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMECCO, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouh mais selecto

de mundial e reconecido sona é o ZINZANO (Torino).

## Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas mareas:

# JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña


# EL NOROESTE

## XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)



# LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIÁ

Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respeito a datas de saidas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

**D. Raimundo Molina e Couceiro**

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO